

ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE COORDINADOR/A DOS SERVICIOS SOCIAIS MUNICIPAIS, PERSOAL LABORAL FIJO

DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, Secretario do Tribunal do PROCESO SELECTIVO DE COORDINADOR/A DOS SERVICIOS SOCIAIS MUNICIPAIS do Concello de Monforte de Lemos, CERTIFICA;

Que en sesión telemática de data 01/07/2022 se adoptaron os seguintes acordos:

*"Primeiro.- A vista do escrito da aspirante PARDO VILORIA SOFIA, no que esta solicita a anulación da pregunta nº 10, o tribunal aclara:*

*A pregunta estaba redactada do seguinte xeito :*

*O código deontolóxico da profesión de traballo social, fai referencia ao segredo profesional. Como o define?*

*a) Como un derecho e un deber do profesional, que permanecerá incluso despois de haber cesado a prestación dos servizos profesionais.*

*b) Como un deber do profesional, que se extinguirá despois de haber cesado a prestación dos servizos profesionais.*

*c) Como un derecho e un deber do profesional, que se extinguirá unha vez se produza o falecemento do usuario.*

*d) Ningunha é correcta*

*Na plantilla de repostas sinalouse a resposta a como correcta, pero facendo unha análise máis profunda, a resposta a) sería no caso de estar falando da definición do segredo profesional que establece o DECRETO 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia por Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (DOG núm. 94 do xoves 19 de maio de 2017). A pesar de que estes Estatutos establecen que os mesmos toman en consideración, igualmente, o Código deontolóxico do traballo social aprobado de maneira unánime pola Asemblea Xeral do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais pola Asemblea Xeral extraordinaria do día 9 de xuño de 2012 (traballosocial.org), estritamente non é o mesmo.*

*Así na Sección 2ª. Do segredo profesional, artigo 28. Concepto e condicionantes. O segredo profesional é un derecho e un deber do e da traballador/a social, derecho e deber que permanecen mesmo despois de cesar a prestación dos servizos profesionais. Así o artigo 52 establece que o deber de segredo profesional non ten límite temporal algúin, permanecendo despois de cesar a prestación dos servizos profesionais ou producirse o falecemento da persoa usuaria.*

*A Real academia da lingua española establece como definición unha proposición que expón con claridade e exactitude os caracteres xenéricos e diferenciais de algo material ou inmaterial*

*Por outra banda o Código Deontolóxico de Colexios Oficiais de Traballo Social e Asistentes sociais, establece no Capítulo IV. A Confidencialidade e Segredo Profesional.*

*Artigo 11.- Os/as profesionais do traballo social actúan desde os principios de derecho á intimidade, confidencialidade e uso responsable da información no seu traballo profesional, tal e como se recollen no Capítulo IV do Código*

*Así no artigo 48 establecese que a confidencialidade constitúe unha obriga na actuación do/o traballador/a social e un derecho da persoa usuaria, e abarca a todas as informacóns que o/a profesional reciba na súa intervención social por calquera medio.*

*No artigo 50 recolle que o segredo profesional dos/as traballadores/as sociais esténdese a toda información confidencial calquera que sexa a maneira na que se solicitou. Enténdese por información confidencial aquela que é de carácter persoal e que a persoa usuaria non quere que se revele. En caso de dúbida sobre a natureza da información, o/a profesional poderá solicitar a confirmación de tal extremo á persoa usuaria, preferentemente por escrito, ou pedir asesoramento á Comisión Deontolóxica do órgano competente ou da estrutura colexial. Seguidamente no artigo 51 establecese que o/a profesional do traballo social informará á persoa usuaria durante as intervencións sociais significativas do seu derecho á confidencialidade da información obtida e dos límites do segredo profesional. No artigo 52 recollese que o deber de segredo*

*profesional non ten límite temporal algúin, permanecendo despois de cesar a prestación dos servizos profesionais ou producirse o falecemento da persoa usuaria.*

*En conclusión, facendo unha lectura estrita o código deontolóxico non define en si mesmo o segredo profesional, pero pódese establecer os caracteres xenéricos e diferenciais do segredo profesional establecidos, isto é, como un dereito e un deber do profesional, que permanecerá incluso despois de haber cesado a prestación dos servizos profesionais.*

O artigo 50 recolle que o segredo profesional dos/as traballadores/as sociais esténdese a toda información confidencial calquera que sexa a maneira na que se solicitou e no artigo 52 recollese que o deber de segredo profesional non ten límite temporal algúin. Se se ten en conta que a confidencialidade constitúe unha obriga na actuación do/o traballador/a social (artigo 48) e que o artigo 11 establece que os/as profesionais do traballo social actúan desde os principios de dereito á intimidade, confidencialidade e uso responsable da información no seu traballo profesional,

*En conclusión, o código deontolóxico non define explicitamente e con exactitude o segredo profesional, pero si sinala os caracteres xenéricos e diferenciais, polo que a resposta que se entende como axeitada é a "a)". Pero tendo en conta a impugnación realizada e como garantía de salvagardar a seguridade para as persoas opositoras, procedese a anular a pregunta, por entender que puidera existir unha ambigüidade no enunciado.*

*Segundo.- Revisadas as puntuacións dos/as aspirantes conforme a anulación da pregunta nº 10 e á súa substitución pola segunda de reserva o tribunal comproba que non se producen variacións nas puntuacións."*

Monforte, a 1 de xullo do 2022.

O Secretario do Tribunal.

